



ASETEM



EMPRESA

Comeza a segunda fase de 'Melide Comercio Saudable' P10
EMPRESA
ASETEM recibe 4.000€ de subvención nominativa por parte do Concello de Melide P5

CULTURA

Entrevista ao melidense Xosé de Cea, autor do libro "En Terra Rara" P21

ENTREVISTA



Víctor e Daniel Mella, Distribucións Mella P23

Cerne

O xornal da Terra de Melide

Ano XVII - Nº 191. Xaneiro 2022. Distribución gratuíta

O Gordo do sorteo da campaña 'Este Nadal toca en Melide' de ASETEM cae en Muxica

O primeiro premio, de 6.000 euros, do sorteo da campaña 'Este Nadal toca en Melide' da Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide caeu en Muxica Tenda Xoven.

Este ano estaba previsto que a gala do sorteo da iniciativa de Nadal se celebrara presencialmente no Centro Sociocultural Minguos de Pita. Non obstante, con motivo do importante aumento de casos da COVID - 19 na nosa comarca nas últimas semanas, non foi posible celebrala de xeito presencial e fíxose no despacho da notaría a porta pechada o venres 14 ao mediodía. P3



Entrevista de benvida á tenda Moraima A Granel



Moraima A Granel é o novo comercio local asociado a ASETEM - CCA, por este motivo entrevistamos a Uxía Alonso a súa responsable que nos conta todos os detalles deste novo proxecto. P9

O Mercamelide de inverno será os días 12 e 13 de febreiro



A Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide, en colaboración co Concello de Melide, celebrará o Mercamelide de inverno deste ano os vindeiros días 12 e 13 de febreiro. P8

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE

31 anos ao teu servizo, 150 socios que fan medrar a comarca


www.asetem.com - Tfno: 981 50 61 88 - info@asetem.com
Lino Sexto Sánchez, 9 Baixo - 15800 MELIDE (A Coruña)

Editorial

A cara oculta da sociedade dixitalizada

A dixitalización trae grandes vantaxes para certas tarefas do día a día como: facilitarnos o xeito de solicitar certos trámites, facer operacións bancarias sen necesidade de pisar o banco, pedir unha cita para o médico dende a casa, etc. Non obstante, esta dixitalización (que se está facendo a unha velocidade vertixinosa, da que incluso nin conta nos damos) está deixando a unha parte da sociedade atrás. Un grupo de persoas que por diferentes motivos: idade, poder adquisitivo, ... non son capaces de seguir esa velocidade á que avanza a tecnoloxía que se incorpora á nosa vida diaria.

Moitas lectoras e lectores deste xornal comarcal estaranse sentindo identificados ao ler estas liñas e de seguro que nalgún intre sentiron impotencia ou malestar por mor deste obstáculo como son para eles as novas tecnoloxías. Mentres parte da poboación sofre estes problemas a outra parte mira para diante sen preocuparse por axudar a eses que quedan no camiño.



Varias persoas utilizando os seus dispositivos dixitais. / Foto de arquivo


Moitas das persoas que teñen dificultades para dixitalizarse teñen circunstancias persoais polas que non teñen unha man amiga que lles resolva as dúbidas, lles faga eses trámites dixitalmente ou lles permita acceder a un dispositivo dende onde facelo. Actualmente, nas escolas dáse por feito que todo o alumnado conta con acceso a internet e un dispositivo para conectalo á rede, isto ten un custe para as familias de, como mínimo, uns 20/30 euros ao mes o que supón entre 240/360 euros ao ano ao que lle hai que sumar o prezo do dispositivo. Unha cantidade que moitas familias non poden asumir e que provo-

ca desigualdade á hora da ensinanza de nenos e nenas. Tamén están as persoas de certa idade que non son capaces de entender o funcionamento destes dispositivos e que, no mellor dos casos poden acudir a un fillo/a, a un veciño/a ou a un coñecido/a que saiba facelo para saír do paso e seguir avanzando. Porén, que pasa cando non hai esa persoa á que acudir? Acaso pensan nelas as administracións públicas? A fenda dixital existe e está a deixar parte da poboación atrás, pelexando con obstáculos que a propia sociedade (da que eles e elas forman parte aínda que, ás veces, o esquezamos) lles están poñendo.

Tribuna de opinión

Ano novo, reforma laboral a estrear

Xunta Directiva de ASETEM - CCA



Diapositiva sobre a reforma laboral na que están varios obreiros. / Foto: D. J

Dende hai tempo a Unión Europea fai fincapé na necesidade de que España mude o seu sistema de contratación, xa que abusa excesivamente da temporalidade. Para poñer solución a isto, o Goberno central aprobou no Consello de Ministros e Ministras a nova reforma laboral (que non é a derogación da anterior, aprobada polo Goberno de Rajoy).

Nesta nova normativa búscase deixar atrás a contratación temporal e para iso, os ata agora coñecidos como contratos de obra e servizo, interinidade e eventuais desaparecen. Os contra-

tos temporais quedan para supostos moi específicos e xustificados. Unha boa nova para as traballadoras e traballadores que levan anos encadeando contratos de poucos meses e incluso días, unha situación de traballo precario que sofren, especialmente, mulleres, mozos e mozas que se incorporan por primeira vez ao mercado laboral e persoas con poucos recursos económicos.

Pódese dicir que é un paso a diante para intentar mellorar a situación das traballadoras e traballadores pero é suficiente?

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com

Publicación mensual de distribución gratuíta

COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Lorena Vidal

EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide

ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)

Telf. e Fax: 981 506 188 **E-mail:** info@asetem.com

COLABORACIÓN: Ana Mato, CC Xestión, Federación

Galega de Autónomos

AGRADECIMENTOS: Pilar López,

Imprenta Meligraf

IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.

DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84



ASOCIACIÓN DE
MEDIOS EN GALEGO

ÍNDICE

- OPINIÓN.....	2
- EMPRESA.....	3
- MELIDE.....	13
- COMARCA.....	17
- CULTURA E LECER.....	19
- COLABORACIÓN.....	22
- ENTREVISTA.....	23

Os dous mil euros do sorteo da campaña 'Este Nadal toca en Melide' de ASETEM - CCA caen en Muxica Tenda Xoven



A notaria de Melide, M^a Carmen Carreira Simón, o día do sorteo no seu despacho. / Foto: Cerne

O primeiro premio, de 6.000 euros, do sorteo da campaña 'Este Nadal toca en Melide' da Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide caeu en Muxica Tenda Xoven.

Este ano estaba previsto que a gala do sorteo da iniciativa de Nadal se celebrara presencialmente no Centro Sociocultural Míngos de Pita coas actuacións musicais de Tania Veiras, imaxe da entidade empresarial, e o grupo melidense, Leirabuxo. Non obstante, con motivo do aumento de casos da COVID - 19 na nosa

comarca nas últimas semanas non foi posible celebrala de xeito presencial. Por mor destas circunstancias tivo que, por segundo ano consecutivo, facerse no despacho da notaria de Melide a porta pechada o pasado venres 14 ao mediodía.

A listaxe dos premios quedou da seguinte forma: o primeiro premio é o 06.101 de Muxica Tenda Xoven (reserva 19.886 - Xoiería Roval), o segundo de 1.000 euros caeu no 26.718 A Froitería de Celia (reserva 19.252 - Xoiería Roval), terceiro premio de 1.000 euros

tocou no número 30.937 de Casa Juanito (reserva 32.541 - Carnicería Penas), o cuarto de 500 euros quedou no 04.457 de Viñoteca Ribeirao (reserva 64.376 Xoiería Silvela), o quinto premio de 500 euros caeu en Escala Espectáculos co 03.051 (reserva 32.169 - Melimática), o seguinte premio de 500 euros tocou en Xoiería Silvela co número 16.669 (reserva 45.419 Imprenta Meligraf) e o último tamén de 500 euros caeu en Autoescola Agra na rifa 15.090 (reserva 02.262 Eurocadena). Os números

premiados tamén se poden consultar na páxina web de ASETEM e nas súas redes sociais (Facebook, Instagram e Twitter).

Os e as afortunadas que teñan as rifas cos números premiados deberán acudir nas próximas semanas ás oficinas da Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide coas rifas para xustificar que son os premiados. No momento da entrega das papeletas faráselles entrega duns vales de compra co importe do premio para gastar integramente nun dos comercios de proximidade asociados a entidade empresarial. No caso de que os números principais non aparezan pasarase aos reservas, por iso é moi importante que as persoas coas rifas cos números de reserva se acheguen a ASETEM para entregalos e que non queden os premios desertos.

Nesta XXIII edición da iniciativa 'Este Nadal toca en Melide' participaron uns oitenta establecementos da localidade e repartíronse 62.200 rifas entre todos os negocios. Unha campaña que a xerente da Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide, Pilar López, comenta "é certo que a campaña do ano pasado foi bo boa porque as restriccións que había nese

momento beneficiaron moito aos comercios de proximidade e neste 2021 baixou un pouco ao poder volver movernos máis e tamén o aumento de contaxios e persoas confinadas en Melide e arredores tampouco beneficiou nada". Ademais, outro factor que "influiu o ano pasado para ter un bo número de vendas foron as tarxetas 'Merca en Melide' que puxo a disposición o Concello no nadal do 2020 e que este ano se deron noutras épocas máis floxas para os establecementos como foi antes do verán e no outono", afirma López.

A directiva de ASETEM - CCA un ano máis quere agradecer a participación nesta campaña de todos os establecementos asociados adheridos, da administración municipal, da Xunta de Galicia a través da Dirección Xeral de Comercio, así como a todas as persoas que este 2021 escolmaron os comercios de proximidade melidenses para realizar as súas compras de nadal. Pilar López, quere resaltar que "a veciñanza debe seguir apoiando os establecementos locais e valoralos, dúas aprendizaxes que collimos co inicio da pandemia da COVID - 19 e que non debemos esquecer porque cando máis os necesitábamos estaban aí".

LIMPIEZA Y DESINFECCIÓN AMBIENTAL CONTRA EL CORONAVIRUS

Debido a la declaración del brote de coronavirus como pandemia global por parte de la Organización Mundial de la Salud, desde PLAGOSTEL queremos ayudarle a mantener las dependencias de sus instalaciones libres del virus COVID-19

Plagostel
N.R.S. [0177-GAL-SP0]
calidad e higiene alimentaria

Contacte con nosotros, podemos ayudarle
986118714 – 698179968
pedidos@plagostel.com



4 Sorteo ASETEM

Cerne 191. Xaneiro 2022



1º PREMIO: 2.000 EUROS
06.101 MUXICA TENDA XOVEN
(RESERVA: 19.886 XOIERÍA ROVAL)

2º PREMIO: 1.000 EUROS
26.718 A FRÖITERÍA DE CELIA
(RESERVA: 19.252 XOIERÍA ROVAL)

3º PREMIO: 1.000 EUROS
30.937 CASA JUANITO
(RESERVA: 32.541 CARNICERÍA PENAS)

4º PREMIO: 500 EUROS
04.457 VIÑOTECA RIBEIRAO
(RESERVA: 64.376 XOIERÍA SILVELA)

5º PREMIO: 500 EUROS
03.051 ESCALA ESPECTÁCULOS
(RESERVA: 32.169 MELIMÁTICA)

6º PREMIO: 500 EUROS
19.669 XOIERÍA SILVELA
(RESERVA: 45.419 IMPRENTA MELIGRAF)

7º PREMIO: 500 EUROS
15.090 AUTOESCOLA AGRA
(RESERVA: 02.262 EUROCADENA)



ASETEM recibe 4.000 euros de subvención nominativa por parte do Concello de Melide



A sede das oficinas da Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide na rúa Lino Sexto. / Foto: Cerne

A Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide recibe 4.000 euros de subvención nominativa por parte do Concello de Melide para diferentes gastos en actividades de promoción e dinamización do comercio local da vila

que a entidade levou a cabo no último ano. Unha axuda económica que, dende a directiva da asociación empresarial da comarca, ven necesaria para que entidades como ASETEM “poidan seguir desenvolvendo o seu traballo que busca impulsar

os pequenos establecementos”, unha tarefa que beneficia a todo o pobo no seu conxunto.

Ademais, na entidade empresarial manifestan a importancia destas axudas económicas para poder axudarlle aos seus asociados e

asociadas logo duns meses tan complexos para o sector comercial e empresarial con máis actividades e campañas que poidan impulsar a recuperación económica destes sectores.

A administración municipal melidense destinou 80.000 euros ás subvencións nominativas para os gastos xerais das asociacións locais no 2021, o que supón un incremento dun 19% con respecto á contía que se aportou o ano pasado (67.000 euros no 2020). Con estas axudas económicas as entidades da localidade poderán afrontar gastos xerais nun contexto social, sanitario e económico marcado pola pandemia mundial da COVID-19.

Esta subvención recibírona diferentes asociacións afincadas no municipio, no ámbito da promoción cultural foron: a Coral Polifónica de Melide (4.000 euros), Asociación Cultural Chara-

mela (4.000 euros), Herba Grileira (4.000 euros) e a Asociación de Mulleres Rurais da Comarca Alecrín (4.000 euros); en acción social: Cáritas parroquial de Melide (9.000 euros); entidades deportivas: Escudería Melide MotoSport (4.000 euros), Asociación Deportiva Cerne (4.000 euros), Fútbol Club Cire de Melide (20.000 euros), Melide Veteranos (1.000 euros), Asociación de cazadores Terra de Melide (4.000 euros), Club Melide Fútbol Sala (2.000 euros), Club Ciclista Melidense (2.000 euros); e, por último, o Museo Terra de Melide (8.000 euros) e a Asociación Catasol (2.000 euros).

Unhas axudas económicas que abranguen parte das entidades asociativas do municipio coas que o Concello de Melide busca apoialas, dado que representan a un amplo número da veciñanza.

Carnicería Cardelle acada o segundo premio no concurso de escaparatismo de Nadal



Collage dos distintos elementos do escaparate de Carnicería Cardelle. Foto: T.M


Un ano máis, o Concello de Melide organizou o concurso de escaparates entre os comercios locais da vila.

Nesta edición, o establecemento gañador foi Manualidades Creati que levou os 1.000 euros, en segunda posición quedou Carnicería Cardelle (asociado á Asociación de Empresarios e Empresarias de Melide) conseguiu 500 euros e, en terceiro lugar Feitura

Traxes Tradicionais que levou 250 euros.

O xurado, reunido o pasado 30 de decembro, tivo en conta a orixinalidade, creatividade, ambientación de Nadal e montaxe. Dende a administración municipal queren “agradecerlle aos vinte e un participantes a súa implicación e participación nun concurso no que ano tras ano o nivel mostrado é máis alto”.

O Centro de Estética Meixela incorpora a súa carta de servizos o tratamento Total Repair



Unha cliente de Centro de Estética de Meixela desfrutando do tratamento de pel Total Repair. / Foto: C. E. Meixela

O Centro de Estética Meixela, asociado a ASETEM - CCA, incorpora a súa carta de servizos o tratamento Total Repair. Este tratamento consiste nunha hixiene e tonificación da pel, cunha posterior aplicación de peeling segundo as necesidades de cada persoa, de seguido é momento da experiencia spa rexuvenecedora. Logo, remata coa aplicación de produtos activos específi-

cos e personalizados por medio dunha nebulización e cromoterapia. Unha experiencia que Nuria Carreira, responsable do Centro de Estética Meixela, define como “pracenteira e na que todos queredes repetir”.

Ademais, Nuria Carreira tamén nos cita diferentes beneficios que ten realizar este tratamento como: o antienvellecemento, reafirmación, olleiras, aclaramento

de pel, falta de luminosidade, manchas post lesións, hiperpigmentación, melasma, acné, manchas de idade e cicatrización.

Para pedir cita previa para probar este tratamento ou consultar todas as dúbidas poden chamar ao teléfono do Centro de Estética Meixela que é o: 639 44 06 88 ou achegarse ata a rúa Rosaleda en Melide, onde teñen as súas instalacións.

SUBVENCIONES DE INTERESE PARA O 2022

- Bono das persoas autónomas, convocatoria para o ano 2022

(DOG. Nº250, do 30/12/2021)

Beneficiarios:

- Autónomos con antigüidade ininterrompida na actividade de máis de 42 meses, con facturación mínima de 12.000€ (IVE incluído) no 2020 e rendemento neto reducido da actividade no IRPF dese ano inferior a 30.000€.

- Sociedades de calquera clase e comunidades de bens, cunha persoa autónoma societaria cunha antigüidade na realización da actividade de máis de 42 meses; que a empresa teña unha facturación mínima anual de 12.000€ (IVE incluído) no 2020; e rendemento inferior a 30.000€ (na base imponible do imposto de sociedades, ou ben, na suma do rendemento neto reducido da actividade no IRPF de todos os seus membros).

Quedan excluídos, entre outros, as persoas que cobrasen o bono das persoas autónomas en convocatorias anteriores.

Liñas de actuación subvencionables:

Serán subvencionables os gastos realizados entre o 01/01/2022 e o prazo máximo de xustificación establecido na resolución de concesión, e como máximo ata o 05/12/2022.

Liña 1. Mellora da competitividade a través dos seguintes servizos: plan estratéxico do negocio, plan de refinanciamento, plan de marketing, plan de eficiencia enerxética, plan de biodiversidade, plan de comunicación do negocio, e plan de transformación dixital.

Liña 2. Mellora da competitividade a través dos seguintes investimentos: maquinaria, compra ou instalación para a mellora da eficiencia enerxética, investimentos para a substitución de combustibles fósiles ou materiais escasos, útiles e ferramentas, reforma do local do negocio, equipamentos informáticos, equipamentos de oficina ou negocio, rótulos, aplicacións informáticas, páxinas web, app, redes sociais e deseño de marca.

Poderase solicitar unha subvención que inclúa ambas liñas, co límite máximo de 3.000€ de axuda polo conxunto de actividades subvencionables.

Contía: o 80% do investimento, co límite máximo de 3.000€ de subvención.

Obrigas, entre outras: manterse de alta como autónomo 2 anos dende a solicitude da subvención.

Prazo de solicitude: dende o 14/01 ata o 14/02/2022.

- Axuda para a promoción e consolidación do emprego autónomo

(DOG. Nº 250, DO 30/12/2021)

Beneficiarios: persoas desempregadas e inscritas como demandantes de emprego, que causen alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA), como persoa física ou como membro de sociedade civil ou comunidade de bens, e iniciasen a actividade entre o 01/10/2021 e 30/09/2022.

Contía: para desempregados en xeral, 2.000€; 4.000€, no caso de menores de 30 anos, parados de longa duración, persoas con discapacidade ou persoas en situación ou risco de exclusión social.

Estas contías base incrementaranse nun 25% cando a persoa incorporada é muller, ou maior de 45

anos, ou emigrante retornada, ou persoa trans, ou inicia a actividade nun municipio rural, ou en profesións e oficios nos cales a muller estea subrepresentada. A contía máxima de subvención será de 10.000€.

Obrigas: manter a alta no RETA un mínimo de 18 meses.

Prazo de solicitude: ata o 30 de setembro do 2022.

- Axudas do IGAPE destinadas á creación de empresas para actividades non agrícolas en zonas rurais, convocatoria 2022

(DOG. Nº 1, DO 03/01/2022)

Proxectos subvencionables, con carácter xeral:

1. Obradoiros e fábricas destinados á produción de bens e materiais. Os investimentos relacionados coa utilización de madeira como materia prima ou fonte de enerxía limitárase ás operacións de segunda transformación.

2. Transformación e/ou comercialización de produtos agrarios, cando o produto final non estea incluído no anexo I do Tratado de funcionamento da Unión Europea (TFUE).

3. Servizos a empresas de calquera sector económico.

4. Prestación de servizos sociais (gardarías, coidado de anciáns, de persoas con discapacidade, granxas escola...).

5. Actividades de lecer, recreativas e deportivas.

6. Artesanía e actividades artesanais.

7. Actividades baseadas nas novas tecnoloxías da información e da comunicación, innovación tecnolóxica e comercio electrónico.

8. Actividades nos sectores da enxeñaría, arquitectura, servizos técnicos, limpeza industrial, contabilidade, veterinaria.

9. Comercio polo miúdo de produtos non incluídos no anexo I do TFUE.

10. No sector da hostalaría, exclusivamente a creación de novos restaurantes situados en construcións patrimoniais senlleiras (pazos, muíños, patrimonio industrial, pallozas, faros...) que fagan uso do produto de proximidade.

Requisitos, entre outros:

a) Non ter comezado antes da presentación da solicitude da axuda.

b) Será obrigatoria a creación dun mínimo dun emprego, por conta propia ou indefinido por conta allea, considerado en unidades UTA (é dicir, o traballo de unha persoa a tempo completo todo o ano).

Beneficiarios:

a) Os titulares ou membros (ata o 3º grao) dunha unidade familiar dunha explotación agraria que diversifiquen as súas actividades en ámbitos non agrícolas e que desenvolvan o seu proxecto na propia explotación, que deberá estar cualificada como explotación agraria prioritaria.

b) Os autónomos e as microempresas e pequenas empresas de nova creación (nos 12 meses anteriores á solicitude).

Non poderán ser beneficiarias, entre outros supostos, as agrupacións de persoas xurídicas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade que careza de personalidade xurídica propia, así como as

persoas xurídicas sen ánimo de lucro.

Contía: prima básica de 20.000 euros, que poderá incrementarse ata un máximo de 45.000 €.

Prazo de solicitude: ata o 8 de marzo de 2022.

- Axudas para actuacións de rehabilitación enerxética en edificios existentes en municipios de reto demográfico

(DOG. Nº 212, DO 04/11/2021)

Actuacións subvencionables:

a) Mellora da eficiencia enerxética da envolvente térmica (tipoloxía 1).

b) Mellora da eficiencia enerxética e uso das enerxías renovables nas instalacións térmicas de calefacción, climatización, refrixeración, ventilación e auga quente sanitaria –AQS (tipoloxía 2).

c) Mellora da eficiencia enerxética das instalacións de iluminación (tipoloxía 3).

As citadas actuacións deberán acadar as seguintes condicións:

- Redución do consumo de enerxía primaria non renovable do 30% respecto da situación actual.

- Mellora da cualificación enerxética total do edificio en, polo menos, unha letra medida na escala de emisións de dióxido de carbono (kg CO₂/m² ano). Este criterio non será esixible cando o edificio acredite unha cualificación enerxética A.

As actuacións deberán cumprir coa normativa vixente, contar coas preceptivas licenzas e autorizacións administrativas. Ademais, deberán cumprirse os seguintes requisitos:

a) Polo menos o 70% dos residuos de construción e demolición non perigosos xerados preparárase para a súa reutilización, reciclaxe e valorización, incluídas as operacións de recheo.

b) En materia de rehabilitación enerxética, os compoñentes e materiais de construción utilizados no desenvolvemento das actuacións previstas nesta medida non conterán amianto nin substancias identificadas na listaxe do anexo XIV do Regulamento CE 1907/2006.

Non serán subvencionables as actuacións iniciadas con anterioridade á data de rexistro da solicitude da axuda.

As actuacións deberán realizarse en edificacións construídas antes do 2007, nas seguintes opcións:

- Vivendas unifamiliares ou edificios de tipoloxía residencial colectiva de vivenda, é dicir, edificios nos que polo menos o 70% da superficie construída sobre rasante do edificio esta destinada a uso residencial; vivendas dun edificio de tipoloxía residencial colectiva de vivenda, consideradas individualmente.

Beneficiarios: persoas físicas ou xurídicas propietarias de vivendas unifamiliares ou dos edificios de tipoloxía residencial colectiva; así como comunidades de propietarios e agrupacións de comunidades de propietarios de edificios residenciais de uso vivenda.

Contías: axuda base de ata o 50% do custo elixible, segundo a tipoloxía da actuación e o destinatario do proxecto; que poderá ser incrementada por unha axuda adicional por criterio social, eficiencia enerxética ou actuación integrada.

Prazo de solicitude: ata o 30/09/2022, agás esgotamento de crédito con anterioridade a esa data.

centro auditivo



solicita tu **REVISION GRATUITA**



REXCE
AUDIOPRÓTESIS
E. 15-001241

REXCE
ÓPTICA
E. 15-001238

ÓPTICAstábora

Rda da Coruña 20 **MELIDE**

Aberto o prazo de inscrición para o programa Reacciona Innovación da Xunta de Galicia



Un autónomo na súa oficina revisando nas contas. / Foto: El Economista

Aberto o prazo de inscrición para o programa Reacciona Innovación da Xunta de Galicia ata o vindeiro venres 28 de xaneiro.


A Axencia Galega de Innovación preparou este programa como continuación do asesoramento realizado no marco dos Camiños de Innovación para Pemes con localización en Galicia.

O programa Reacciona Innovación (asesoramento para o financiamento da innovación) está enfocado a deseñar e implementar unha estratexia personalizada de financiamento da I+D+i. Está dirixido a Pemes de tres ou máis traballadores ou traballadoras que desenvolven unha actividade innovadora ou que

necesiten financiar os seus primeiros pasos no ámbito da I+D+i.

Grazas a este programa, a empresa solicitante pode conseguir: preparar a súa organización para que poida aproveitar os principais mecanismos de financiamento que ofrecen as Administracións Públicas; recoller as necesidades de financiamento presentes e futuras, así como atopar as axudas públicas máis relevantes; acadar subvencións ata 100% a fondo perdido para desenvolver novos produtos, contratar persoal, ampliar o teu negocio; aproveitar os préstamos bonificados ata o 0% de intereses para dispor de efectivo co que executar proxectos innovadores e realizar investimentos; e cuantificar os gastos realizados en actividades innovadoras e de mellora e calcular a dedución para recuperar estes gastos das accións.

O Mercamelide de inverno terá lugar os días 12 e 13 de febreiro



Parte da xente que visitou o Mercamelide de inverno 2019. / Foto de arquivo

A edición deste ano do Mercamelide de inverno celebrárase os vindeiros sábado 12 e domingo 13 de febreiro no Palacio de Congresos de Melide.

Nesta tradicional campaña de grandes descontos, organizada por ASETEM - CCA e en colaboración co Concello de Melide, participarán 11 establecementos

da vila que son: Electrosan, Moraima A Granel, Marvi, Pequeniños Zapatería Infantil, Calzados Broz, Colorín Colorado, Modas Alfonso, Stardemoda, Tu Boutik, Salacadula, Mis Mejores Labores. Polo tanto, nesta edición haberá gran variedade de produtos para as persoas que visiten o Palacio de Congresos.

Viñoteca Ribeirao recibe o premio “Del beber 2021” outorgado pola revista La Alacena Roja



Unha das fotografías publicadas na reportaxe da revista na que sae Martín Ferreiro de Ribeirao. / Foto: La Alacena Roja

A Viñoteca Ribeirao, establecemento asociado á Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide, recibiu o premio “Del beber 2021” outorgado pola coñecida revista gastronómica e de turismo, La Alacena Roja.

Por este motivo, a publicación dedícalle un amplo espazo a esta viñoteca melidense no que destaca a gran calidade dos produtos ofertados e a sublime profesionalidade do negocio. O galardón “Del beber 2021” foi obtido por Viñoteca Ribeirao

grazas a unha votación onde o público e os expertos do mundo das bebidas escolleron esta tenda do centro de Melide como “un referente de calidade no universo dos viños e os licores”, afirman dende a revista La Alacena Roja.

Ademais, na reportaxe fan fincapé na preparación e formación do actual responsable de Viñoteca Ribeirao, Martín Ferreiro, xa que conta coa titulación de Sumiller do Instituto Galego do Viño e é vogal da Asociación Galega de Sumilleres.

Dende La Alacena Roja, Martín Ferreiro destaca que o obxectivo de Viñoteca Ribeirao “non só é vender boas botellas senón transmitir o gusto de apreciar o valor e sabor dun bo viño a través de pequenas historias da súa elaboración e de quen os fai”. De feito, o aumento de persoas interesadas no mundo da cata de viño non deixa de medrar nos últimos tempos, tal e como comenta o responsable desta viñoteca melidense, “cada vez a xente coñece e interésase máis por todo o que rodea a un viño e iso é moi bo porque pon en valor a labor dos pequenos viticultores que ás veces só

poden producir poucas botellas ao ano”.

Ferreiro reconece contar cunha clientela fiel da comarca e das vilas e cidades máis próximas o que agradece porque “é como un recoñecemento a nosa vocación de ofrecer sempre cousas boas”, comenta o sumiller de Viñoteca Ribeirao.

A reportaxe ao completo realizada por La Alacena Roja a Viñoteca Ribeirao pódese ler na páxina web da revista (www.laalacena-roja.com). Pola contra, para as persoas interesadas en coñecer de primeira man e persoalmente este espazo dedicado ao mundo do viño e dos licores, poden visitalo na rúa do Convento, 12 en Melide, en horario de 11:00 a 14:00 horas e de 17:00 a 20:00 horas de luns a venres, ou os sábados en horario de mañá. De xeito virtual tamén poden coñecelos a través das publicacións subidas a Facebook.

ENTREVISTA A UXÍA ALONSO DE MORAIMA A GRANEL

“Con cada produto intento inculcar a importancia da concienciación a prol do coidado do medio ambiente”

Moraima A Granel é un establecemento local que busca concienciar a súa clientela da importancia de mudar os hábitos de vida para coidarnos a nós mesmo e ao medio ambiente. Unha pequena tenda na que a súa xerente, Uxía Alonso, unha moza emprendedora do concello veciño de Touro vende artigos como: cosméticos naturais, complementos feitos á man, produtos a granel como pasta e especias, produtos de limpeza naturais, verduras ecolóxicas, zocos, cervexas, alimentos de proximidade como a leite fresca, e conservas entre outros. Esta tenda pódese visitar de martes a domingo na rúa Avenida da Habana, 5 en Melide, ou contactar con ela a través do teléfono 637 52 35 51 e das redes sociais de Facebook e Instagram.

- Es un exemplo de muller nova emprendedora nunha vila rural, que che fixo tomar a decisión de emprender?

- Uxía Alonso (U.A): Por unha banda eu sempre traballei en supermercados, polo que a atención ao público non é nada novo para min e gústame. Pola outra banda, empecei a mudar os meus hábitos de vida: comecei a intentar evitar o plástico e a consumir alimentos saudables e de proximidade. Esta novo estilo de vida implicaba cambiar tamén os meus hábitos á hora de facer a compra e aquí foi onde atopei o primeiro problema, xa que nas vilas pequenas é difícil atopar este tipo de produtos que sexan respectuosos co medio ambiente. Por esta razón, decidín converter un problema ou dificultade en oportunidade, polo que apostei por emprender nun tipo de negocio no que cría e vía que facía falta nas localidades do rural.

- Cres que a túa clientela entra na tenda porque ten esa consciencia da necesidade de mudar os hábitos de vida para coidar o planeta, ou simplemente porque es un comercio diferente?

- (U.A): A gran maioría veñen nun primeiro momento porque é un sitio distinto aos que soen visitar a miúdo pero eu en cada merca intento inculcar esa parte de concienciación a prol do coidado do medio ambiente, por exemplo: cando veñen mercar o cepillo de dentes de bambú explícolles que, a diferenza dos feitos con plástico tardan tan



Uxía Alonso, responsable da tenda, en Moraima A Granel xunto a algúns dos seus novos produtos. / Foto: Cerne

só 180 días en degradarse fronte aos 100 anos dos que tardan os outros. Ademais, unha vez rematada a súa vida útil, aos cepillos de bambú pódenselle quitar os fíos cun alicate e enterralo na terra ou facer compost con el. Logo, a clientela que xa veu por Moraima A Granel varia veces xa vai cambiando os seus hábitos e xa trae a súa bolsa da casa para reutilizala ou os botes para determinados produtos.

- Logo destes meses coa tenda aberta como recordas esa acollida nos primeiros días?

- (U.A): Ao principio a xente viña por curiosidade para mirar todo o que había pero custáballe tomar a decisión de animarse a mercar algo. O produto a granel é algo

que custou moito dende un primeiro momento e segue custando aínda a día de hoxe porque non temos esa consciencia, de feito, unha vez que proban a mercar deste xeito despois dinme que estaban equivocadas coa percepción que tiña e que é moito máis barato comprar os artigos a granel, o que pasa que ao non estar afeito é difícil animarse a probar porque pensamos que é menos cómodo ou incluso máis caro. Temos que ser conscientes de que cando compramos a granel mercamos só a cantidade de produto que realmente precisamos e non pagamos nada por ningún tipo de envase. Por todas estas razóns, merece moito a pena que a xente lle dea unha oportu-

nidade a comprar a granel porque se levaría unha sorpresa agradable.

- Fuches empezando pouco a pouco, o aumento de produtos que ofreces é evidente.

- (U.A): Si, intento ir mettendo cada vez máis artigos novos para que a clientela probe. Ademais, agora a xente que vén ao comercio anímase a propoñerme produtos para traer como poden ser os veganos que teñen moi boa acollida. Logo tamén me fixo moito no que teñen outras tendas similares a miña para coller novas ideas que poder incorporar e que lle poidan gustar á clientela. A maiores, busco moito na rede artigos galegos porque quírome centrar na venda de produtos

da terra que sexan distintos e que non haxa nesta zona para que Moraima A Granel sexa unha tenda de referencia para a veciñanza.

- Por que cres que a maioría da clientela de Moraima A Granel son mulleres?

- (U.A): Penso que polos roles de xénero tradicionais, as mulleres aínda temos a consciencia de facer nós a comida e por iso imos nós tamén á compra e esta tenda non deixa de ser un supermercado pequeno. Despois a maioría das mulleres que veñen mercar teñen entre 25 e 40 anos, ás máis maiores cústalles aínda un pouco e achéganse só por produtos determinados como o leite, os iogures ou o pemento. Ás persoas maiores este comercio recórdalles moito aos tempos de antes e teñen reparo en volver a isto.

- Es moi activa en redes sociais, notas esa retroacción por parte dos usuarios e usuarias?

- (U.A): Totalmente, moita clientela da que teño fixa ou que vén habitualmente coñeceume a través das redes sociais (Instagram e Facebook), ou incluso dos artigos que subo á rede teño que ter stock porque é algo que nos vindeiros días se vai mover moito, o que reflexa o ben que funciona. Despois procuro facer vídeos nos que saio explicando novos artigos ou cousas interesantes sobre algúns produtos diferentes e iso gusta moito porque lles agrada saber quen hai detrás da tenda, con quen se van atopar cando se acheguen ata aquí para facer as súas mercas.

Retómase a segunda quenda de charlas da campaña 'Melide Comercio Saudable'



Gema Torre, responsable de Flor de Toxo no medio da súa charla 'A verdadeira historia dos cosméticos'. / Foto: Cerne

A campaña 'Melide Comercio Saudable' retoma as charlas dos profesionais sociosanitarios asociados a ASETEM-CCA. Esta iniciativa daba os seus primeiros pasos no pasado mes de outubro cunha serie de faladoiros nos que a veciñanza

podía aprender máis de temas relacionados coa saúde e o benestar.

As charlas comezarán a súa segunda quenda este venres 21 de xaneiro pola tarde da man de Tania Arias, nutricionista (rúa Rosaleda, 5 - Melide), que nos falará

sobre como é unha consulta nutricionista. Con esta profesional da alimentación os asistentes poderán aclarar dúbidas e expoñer diferentes casos persoais. A semana seguinte será a quenda da responsable de Meixela Centro de Estética (rúa Ro-

saleda, 5 - Melide), Nuria Carreira, que nos expoñerá o seu tema que xirará arredor do mundo da estética. Para o mes de febreiro os encargados de impartir as charlas serán os responsables de: Latexo Logopedia, Ortopedia Ortosaúde, Óptica Tábor, Clínica dental Karim e Clínica dental Ana Marcos. Como xa se viña facendo ata o momento, en cada un dos faladoiros vanse sortear dez vales de compra de dez euros para gastar no comercio local asociado á entidade.

Con esta iniciativa os obxectivos principais da Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide son: por unha banda, realizar unha campaña na que os establecementos sociosanitarios asociados poidan participar ao completo e sendo parte fundamental e imprescindible da mesma; pola outra banda, dinamizar e impulsar as vendas do comercio de proximidade cos vales de compra que se

sortean en cada charla. As responsables dos negocios que impartiron os faladoiros da primeira quenda fan fincapé en que "a experiencia é moi positiva porque podes chegar a clientela que doutro xeito, ao mellor, non pasaba pola tenda para coñecerte".

Ao igual que nas charlas que xa se celebraron, o aforo estará limitado ás restricións sanitarias que estean vixentes no momento e irase completando por orde de chegada ao Salón de Actos da sede de ASETEM - CCA (rúa Lino Sexto, Melide).

Con esta campaña estase a crear unha rede de colaboración entre o sector sociosanitario e as tendas melidenses. Un proxecto da asociación de empresarios e empresarias que beneficia a dous eidos moi importantes para a entidade en particular, e para o municipio en xeral. Por esta razón, ASETEM convida a toda a veciñanza da comarca a participar nestas charlas.

Tchin Tchin
— ESPECIAL FELICES FIESTAS —

**TU 2º Y 3º
PAR DE GAFAS
POR 1€ MÁ***

SABER DE LEI



Ana Mato Salgado
Avogada

Tlfn.: 671 833 425
Rúa Xesús Carro, Nº15-2º
(Melide)

A reforma laboral

O fin de ano trouxo consigo un novo Real Decreto Lei, un texto de reforma laboral pactado cos axentes sociais e que introduce cambios no Estatuto dos Traballadores modificando de tal xeito figuras importantes dentro da lexislación laboral.

Con data do 30 de decembro de 2021 publicouse no Boletín Oficial do Estado. Este proxecto lei trae numerosos cambios no ámbito laboral. En canto os contratos de traballo establece que os contratos ordinarios serán indefinidos e que tan só se pode facer dous tipos de contratos temporais; os estruturais e os formativos. Os estruturais tan só poderán responder a dúas causas; por circunstancias de produción ou por substitución de outro traballador con reserva de posto de traballo, sempre e cando quede perfectamente especificado quen substitúe. O contrato por circunstancias de produción tan só poderá concertarse por incrementos ocasionais imprevisibles da produción ou oscilacións da demanda, por un tempo máximo de seis meses, ampliables a doce se así o establece o convenio colectivo sectorial de quenda, que serán moi comúns nas campañas de Nadal ou agrícolas, por un período máximo de 90 días ao ano non consecutivos. No último trimestre do ano a realización destes contratos, os representantes sindicais deberán ser debidamente informados da previsión anual.

Redúcese de 24 a 18 meses o prazo para adquirir a condición de traballador indefinido.

Elevaranse tamén as sancións contempladas no LISO (Lei de Infraccións e Orde Social) polo uso fraudulento da contratación temporal, establecéndose multas por cada situación fraudulenta e non por empresa.

O novo contrato fixo de obra ten como novidade que desaparece a posibilidade de celebrar contratos para obra ou servizos determinado, modalidade contractual cuestionada por a xurisprudencia interna comunitaria, que será substituído no sector da construción por un novo contrato indefinido de obra. O empresario unha vez finalice a obra

deberá facer o traballador unha proposta de recolocación. A indemnización que recibirá será o 7% do seu salario. En canto o contrato formativo establécense dúas posibilidades; de formación alternancia e para a adquisición de práctica profesional. O contrato de formación dual poderá firmarse por mozas e mozos de ata 30 anos e por duración mínima de tres meses e máxima de dous anos. Os contratos de obtención de práctica profesional adecuada ao nivel de estudos subscribírase dentro dos tres anos posteriores a finalización dos estudos, que serán por un período mínimo de 6 meses e máximo de 12 meses.

Este contrato fixo discontinuo será empregado para traballos de natureza estacional ou vinculado a actividades de temporada, para o desenvolvemento de aqueles que non teñen tal natureza teñan períodos de execución certos, determinados ou indeterminados.

Os contratos de duración inferior a 30 días terán unha cotización adicional a cargo do empresario a finalización do mesmo.

En canto as sancións a nova reforma laboral combaterá a elevada temporalidade e o fraude con maiores penalizacións.

En primeiro lugar endurece a taxa de empregos de moi curta duración, para frear así o aluvión de baixas e altas que se producen nas fines de semana e en vacacións. Tamén se establece un novo esquema de sancións para os contratos fraudulentos que eleva as multas ata os 10.000 euros e que se pagarán por cada un dos traballadores irregulares.

Reinstaurase a ultraactividade plena, de forma que os convenios colectivos se prorrogarán ata que sexan substituídos por outros novos sen un límite de tempo fronte ao prazo dun ano establecido anteriormente.

Recuperarase tamén a prevaenza do convenio do sector sobre o convenio de empresa. A xornada de traballo, salario e temas de maior relevancia non poderán ser modificados, salvo que sexa para mellorar as condicións do convenio superior.

O salario base e os complementos salariais quedarán regulados por convenios sectoriais.

O salario, as quendas e as funcións do traballador e todo o que afecta a xornada non poderán ser decisións tomadas unilateralmente polas empresas de forma unilateral e sen a previa supervisión das autoridades laborais autonómicas ou estatais. As causas de despido non sufrirán modificacións. Estas son algunhas das modificacións que traerá consigo a reforma laboral, que busca principalmente rematar coa temporalidade, e na que as empresas terán ata o 30 de marzo para adaptarse ao novo marco de contratos.

ANUNCIA O TEU NEGOCIO NO CERNE

981 50 61 88

ASESORIA
CC Xestión
W. Fernández Flórez, 1
881 97 33 07

Seguros Bilbao
Rda. de Pontevedra, 113
678 05 59 42

CANTEIRAS
Canteras Richinol
Arenal, 64, Lalín
981 50 55 04

F. Gómez y Cía. S.L.
Lg. A Mina S/N, Touro
981 51 73 17

CARPINTERÍA
Aluminios Blangar
Ctra. Lugo km 46
981 50 54 18

Aluminios Melide
Pol. Madanela, 86
981 50 73 12

Maderas Ovidio Leiva
Belmil, Santiso
608 58 74 47

COMERCIO
Borboriño Xeadro
Rúa de San Pedro, 5
881 99 05 50

Calzados Broz
Camiño de Ovedo, 13
981 50 51 60

Casa Mejuto
Rda. de Pontevedra, 74
981 50 77 62

Gallega de Cárnicas S.L.
Rda. da Coruña, 14
981 81 54 00

Carnicería Cardelle
Florentino L. Cuevillas,
baixo
981 50 54 37

Carnicería Maruja
Rúa Peregrino, 1
610 666 704

Carnicería Penas
Avda. de Lugo, 35
609 93 91 98

Casa Juanito
Mateo S. Bugueiro, 39
981 50 51 03

Casa Santos
Avda. de Lugo, 8
981 50 53 96

Cociñas M. Buján
Avda. de Lugo, 99
981 50 74 21

Colorín Colorado
Rda. da Coruña, 10
881 97 85 60

Creaciones MJ
Alexandre Bóveda, 7
669 57 24 36

Daniel's Barber
Rda. da Coruña, 18
981 50 63 78

Distribuciones Mella
Xoán XXIII
981 50 60 68

DivaPro Hair&Beauty
Rda. da Coruña, 58
981 93 76 65

Electrosan
Martagona, 13
981 50 79 64
Electricidade Vilela
Avda de América, 34
981 50 59 00

Espomasa
Ctra. Melide-Toques, km
8, Toques - 981 50 59 71

Estc. de Sv. Corredoiras
Corredoiras, 14, Boimorto
981 51 60 04

Estanco Angarela
Progreso, 9
981 50 60 96

Eurocadena
Cantón de S. Roque, 9
670 29 29 17

Noguerol Cociña e Baño
Convento, 28
981 50 50 29

Flor de Toxo
Av. de América, 9
601 62 25 22

Esther e Cris Conde
Floristas
Taboada Roca, 4, baixo
881 81 91 01

Floristería Maru
Convento, 9
981 50 75 80

Floristería Tarrío
Amador Rguez, 7
981 50 61 64

Frutas Nati
Pol. Ind. A Madanela
600 44 80 92

Funeraria El Mueble
Rda. Pontevedra, 2
981 50 50 89

Gasolineira Bocelo
Avda. de Lugo
981 50 62 50

Hidroeléctrica Lumymey
Alexandre Bóveda, 9
900 70 11 52

Imprenta Meligraf
Rúa Galicia, 26
981 50 62 56

Instituto de la Sordera
Ronda da Coruña, 34
648 754 761

Intres Fotografía
Avda. de Toques, 2
881 97 42 24

José Xaneiro
Avda. Toques, 57
981 50 53 35

La Frutería de Celia
Cantón de San Roque, 3
981 50 79 38

Laia Zapateiros
Praza Convento, 4
626 25 20 54

Leiva Motosport
Rda. da Coruña, 52
981 50 73 34

Librería Cousas
Avda. da Habana, 29
981 50 57 75

Librería Victorio
Taboada Roca, 1
981 50 50 55

M&M Moda
Travesía do Convento, 1
981 94 24 15

Marvi
Rúa do Convento, 16
981 50 71 94

Melimática
Otero Pedrayo, 6
981 50 78 81

Mercería Isabel
Rúa Camiño de Ovedo, 3
981 50 52 56

MEyPA Inst. Eléctricas
Melide
663 97 22 81

Mis mejores labores
Rda. da Coruña, 38
981 50 90 85

Mobles Ares
Rda. da Coruña,62
981 50 55 64

Moraima A Granel
Av. Habana, 5
637 52 35 51

Muebles Paula
Crta. Lugo, km 46,
981 50 57 34

Muxica Tenda Xoven
Rúa do Convento, 36
981 50 63 66

Óptica Alain Afflelou
Rda. da Coruña, 16
981 50 60 97

Óptica Melide
Rúa do Convento, 17
981 50 54 67

Óptica Tábora
Rda. da Coruña, 20
981 50 51 99

Ortopedia Ortosaúde
Rda. Pontevedra, 16
981 50 78 74

Pasarela
Alexandre Bóveda, 10
981 50 59 08

Parafarmacia Ulloa
Av Lugo, 4
981 93 73 50

Panadería e Pastelería
Toques
Avda. de Lugo, 31
981 50 51 81

Pastelería Estilo
Rúa do Progreso, 6
981 50 51 53

Pastelería Trisquel
Novoa Santos, 32
981 50 50 98

Perfumería Lyss
Rda. da Coruña, 44
981 50 76 84

Pescados e Mariscos
Manolo
Garceiras, 3 - Baixo
629 81 20 29

Ramón Pampín Bango
Rda. de Pontevedra,105
981 50 75 26

Recambios Sando
Avda. de Lugo, 10
981 50 54 19

Recambios Vulcano
Avda. de Lugo, 99
981 50 62 18

Ribeirao
Convento, 12
981 50 50 18

Romero Zapaterías
Rda. da Coruña, 29
981 50 53 56

Sakho
Cantón San Roque, 11
881 97 74 17

Salacadula Shop
Avenida de América, 3
881 81 94 95

Sanoguera Fotografía
A Casilla, 1 - Moldes
622 22 28 10

Sport Moda
Cantón de S. Roque, 38
981 50 76 17

Sueños/Dándolo
Convento, 15
981 50 71 87

Suministros
Industriales Cire
Pol. Madanela, 22
981 50 79 54

Supermercados Gómez
Amador Rodríguez, 3
981 50 70 27

Xoguetería
Toysmaniatic
Rda. Coruña, 36
981 50 51 95

Xoiería Oro Ley
Rúa de San Pedro, 14
981 50 54 68
Xoiería Pereiro
Rúa Moa, 8
981 50 52 33

Xoiería Roval
Alexandre Bóveda,12
981 50 54 31

Xoiería Silvela
Rda. da Coruña, 40
981 50 59 97

Yethi Carburantes
Cruce campo de fútbol
982 38 00 71

Zapatería Pequeniños
San Pedro, 4
981 50 79 66

CONSTRUCCIÓN
Const. M. Espiño
Concepción Arenal, 5
981 50 77 29

Construcciones
Leonardo Miguélez
Santa María, Melide
981 50 52 73

Const. Pichel Hnos.
Avda. Estación, 2, Lalín
986 78 07 59

Cubiertas Hrmns.
Blanco
Pol. Ind. A Raña, rúa 7.
O Barco de Valdeorras
988 33 52 94

Excavaciones Paradela
Ribeiro,s/n
981 50 55 92

Hijos de Casal Mariño
E. Álvarez Carballido, 1
981 50 53 10

Hormigones Carral
Sta. María de Veira,
As Travesas, Carral
981 50 50 25

Hormigones Myhnor
Pol. Ind. A Madanela,
Parcela 30 - 981 17 36 16

Marmolería Melide
Gosenxe, Ribadulla,
Santiso - 981 50 55 18

HOSTALERÍA
Bodega Curros
Rda. de Pontevedra,18
981 50 59 68

Casa Alongos
Camiño Vello Stgo. s/n
619 22 93 34

Hotel Carlos 96
Avda. de Lugo, 119
981 50 76 33

Jacarandá
Otero Pedrayo, 12 Baixo
881 95 70 74

Parillada O Carburo
Villamor, Toques
981 50 49 07

Parrillada Rúa
Avda. de Lugo, 50
981 50 60 76

Pazo de Eidián
Eidián, 5 Agolada
691 57 81 32

Pulpería Ezequiel
Cantón de S. Roque,46
981 50 52 91

SERVIZOS
Academia Besbello
Rúa San Antón, 5
981 50 52 52

Ana Mato Salgado
Avogada
Rúa Xesús Carro, 15, 2º
671 833 425

Annic Difusión
Rda. Pontevedra, 63
981 94 38 94

Autoescola Agra
Ronda de Pontevedra,
23 - 981 50 53 76

Autoescola Marte
Ronda da Coruña, 38
981 50 54 60

Clínica Dental
Ana Marcos Cardo
Rda. da Coruña, 31-1º B
981 50 57 05

Clínica Dental Karim
Rda. Pontevedra, 32
981 50 62 44

Escala 5.9
Espectáculos
R/Galicia, 26 -Baixo, Esq.
609 923 888

Extractores Villamor
Cantón de S. Roque, 8
648 25 31 33

Hardgalicia - “R” - Juifi
Rúa San Pedro, 16
693 77 88 66
Intermax Technology
Rúa Folicheiro, 20
902 908 737

Latexo Logopedia
Rosalía de Castro, 3
642 007 210

Meixela, (Estética)
e Tania Arias
(Dietista Nutricionista)
Rúa Rosaleda, 5, Baixo
639 44 06 88 (Meixela)
683 32 44 11 (Tania A.)

Peluquería Santín & Amo
Cantón de S. Roque, 38
650 43 63 75
Servinet
Vitoriz, s/n
697 89 24 66

Xanela Ocio
Melide - 634 24 34 69

Zafiro Tours Melide
(Axencia de viaxes)
Rúa do Convento, 6
881 97 56 43

TALLERES
Autos Mar
Pol. Madanela, 8-9
981 81 53 36

Motor Melide
Pol. Ind. A Madanela
981 50 70 31

Neumáticos Melide
Avda. Lugo, 129
981 06 57 00

Talleres Diego
Fernández
Polígono da Madanela
(Parcela 23), Melide
626 430 275

Talleres Mejuto
Sta. María, Melide
981 50 59 99

Talleres Vulcano
Pol. Ind. da Madanela
Parcela 22
654 449 732

SOCIO COLABORADOR
Mª Carmen Carreira
Simón
Rda. da Coruña, 50 - 1º
981 50 52 80

TRANSPORTES
Bombeos Cabado
Pezobrés s/n, Santiso
981 51 77 89

Nutripor S.A.
Pol. Madanela, 18-19
981 50 64 70

Transportes Sierra
Pol. Ind. Madanela,
parcela 79
981 51 58 18

Transportes Zas
Palas de Rei
982 18 34 04

ENXEÑERÍA
Javier López López
Xosé R. Fdez. Castro, 6
981 50 54 82

A administración local mellorará os accesos ao Campo de Fútbol Municipal



O Campo de Fútbol Municipal de Melide na actualidade. / Foto: Concello de Melide

O Concello de Melide vén de anunciar o comezo do proceso de licitación das obras de mellora de acceso ás instalacións do Campo de Fútbol municipal. As obras están previstas, tal e como indican dende a administración local, que duren un total de catro meses.

O proxecto licitarase por un orzamento de 40.599,96

euros con fondos pertencentes ao Plan Único da Deputación da Coruña do ano 2021.

O concelleiro de Deportes e tenente alcalde, José Antonio Prado, fixo fincapé na necesidade desta intervención “para dignificar os accesos a unha instalación deportiva como o Campo de Fútbol, que rexistra moita

utilización por parte de deportistas da nosa comarca”.

O proxecto para mellorar o acceso ao Campo de Fútbol Municipal da localidade era unha necesidade urxente dado o aumento de actividade que as instalacións están tendo, especialmente, as fins de semana logo de rematar as competicións deportivas, suspendidas an-

teriormente pola pandemia da COVID - 19.

As obras incluírán o relevo do pórtico de entrada, situándose no lugar unha porta metálica de tres follas, das cales unha delas será fixa e as outras dúas de tipo corredizo, será a de maior dimensións destas dúas a que se destinará ao acceso de vehículos, sendo a outra exclusivamente para o paso dos peóns.

O proxecto contempla o relevo do tellado do cuarto de instalacións, poñendo no seu lugar unha cuberta metálica que se prolonga sobre todo o acceso, de forma que se habilita unha zona exterior cuberta. No cuarto dedicado ás instalacións tamén se introducen elementos de seguridade como luminaria de emerxencia ou un extintor.

No tocante aos pavimentos, antes de nada procederase á ordenación dos mesmos, coa introdución dunha banda de formigón entre a escaleira e a costa, de forma que quede claro o seu uso exclusivo para peóns. Ademais, ampliáranse e creáranse novas bandas con

xardíns e vaise eliminar a moqueta de herba artificial que había ata o momento. As obras tamén incluírán a creación dunha senda asfaltada ata o vestiario, este camiño continuará ata o acceso ao terreo de xogo, unha mellora para o paso dos xogadores do campo municipal.

Para rematar, a intervención comprende a realización de pequenas obras de ornamentación sobre elementos xa existentes nas instalacións, estas inclúen limpeza, recibos ou pintado de parámetros, saneado, pintado de varandas (como na escaleira e ramplas) e da porta do cuarto dedicado ás instalacións.

Dende o Concello de Melide queren destacar que “grazas a esta intervención remarcarase axeitadamente o acceso peonil ao recinto, igualmente, que o novo tellado permitirá o acceso e compra da entrada a cuberto”. Prado tamén afirma que “o Goberno municipal segue a demostrar que as instalacións deportivas son unha prioridade na nosa xestión diaria”.

Segue o descontento do persoal do Museo da Terra de Melide coas obras na Ponte de Furelos

Continúa o descontento do persoal do Museo da Terra de Melide coas obras de rehabilitación que se están a realizar na Ponte de Furelos, en pleno Camiño de Santiago.

Alguns dos motivos deste malestar, tal e como indican os traballadores e traballadoras do museo son: para comezar, non se van reparar e atenuar os danos estruturais que afectan á integridade da Ponte; optouse por tapar o empedrado orixinal da calzada no lugar de intentar a súa completa documentación e rexistro arqueolóxico, así mesmo desbotouse a súa posta en valor, xustificándose en cuestións de seguridade do tránsito de peóns; empre-

gáronse para a calzada e para os peitorís pedra allea a esta zona; creáronse en demasía, e sobrecargáronse de peso os peitorís laterais, con corenta toneladas de cuarcita para gañar cota respecto ao novo pavimento da calzada; a construción dun miradoiro innecesario na marxe sur do río, tendo en conta que dende dita marxe meridional a Ponte é perfectamente visible dende todos os ángulos, e que pola contra lla vai restar algo de visibilidade ao estar tan próxima ao elemento.

O persoal do Museo da Terra de Melide amosou así o seu malestar a través das redes sociais logo de ter falado cos responsables desta rehabilitación.

Abre o prazo de solicitudes para o seminario intensivo de defensa persoal para mulleres



Un dos seminarios de defensa feminina celebrado en Ferrol. / Foto: G.A.Dixital

Dende o 1 ata o 20 de febreiro ábrese o prazo para inscribirse no seminario intensivo de defensa persoal feminina que se celebrará en Melide, no polideportivo do CEIP Martagona. O curso comezará o vindeiro 12 de marzo e pódense anotar para participar, de xeito totalmente gratuíto, todas

as mulleres residentes nunha vila da provincia da Coruña que teñan entre 14 e 70 anos.

Melide é un dos concellos nos que se vai impartir este curso organizado pola Deputación da Coruña e que xa se celebrou noutros sete municipios da provincia como Carballo, Ortiguei-

ra ou Ames. A deputada de Deportes, Cristina Capelán Caneco, explicou que estas formacións “permitiránlle ás mulleres ensaiar técnicas e estratexias para defenderse ante unha posible situación de perigo, rompendo os mecanismos que bloquean e posibilitan a reacción”. As participantes poderán aprender técnicas de autodefensa e protocolos de actuación no ámbito da defensa persoal, de xeito que descubran como situarse, afianzarse, saber caer e levantarse, reaccionar no chan, moverse e desprazarse ou manter a distancia. As mulleres que asistan a este curso intensivo de defensa deben levar roupa cómoda e deportiva, e o uso da máscara será obrigatorio en todo momento.

Amplíase ao dobre de prazas o servizo de Xantar na Casa para persoas dependentes



Parte do equipo de Goberno e un membro do consorcio na presentación do servizo no mes de abril. / Foto: C. de Melide

O servizo de Xantar na Casa do Concello de Melide, destinado a persoas maiores e dependentes, amplía ao dobre as prazas dispoñibles, polo que poderán dar servizo ata a vinte persoas grazas ao convenio que a administración municipal e o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar firmaron o pasado mes de decembro.

O programa de Xantar na Casa arrincou en Melide no mes de marzo de 2020 con seis persoas beneficiarias e que en maio xa cubrira o total de dez prazas dispoñibles nun primeiro momento. Foi nese mesmo mes de maio cando a administración local solicitou a ampliación de prazas dada a boa acollida do servizo por parte da veciñanza.

A concelleira de Política Social do Concello de Melide, Carmen Liñeira, amosou a súa satisfacción polo aumento no número de prazas e fixo fincapé na boa valoración coa que conta este servizo entre as persoas beneficiarias, así mesmo a concelleira tamén manifestou o “completo compromiso do Goberno local co benestar das nosas e os nosos

maiores, así como das persoas dependentes”.

O programa de Xantar na Casa é unha iniciativa social de atención nutricional posta en marcha pola Concellaría de Política Social da Xunta de Galicia. Este servizo proporciona ás persoas usuarias unha alimentación de calidade e nutritiva, evitando o deterioro da súa calidade de vida a causa dunha dieta inadecuada.

Ademais, este programa social busca facilitar a conciliación das familias e persoas coidadoras, así como prever situacións de risco no proceso de elaboración das comidas. Ao mesmo tempo, o servizo de Xantar na Casa fai un seguimento individualizado de cada usuario e usuaria atendendo a súa evolución e as súas necesidades especiais, a través da supervisión por parte de persoas técnicas e especialistas no eido da nutrición e diversas enquisas realizadas periodicamente.

A iniciativa diríxese a persoas maiores de sesenta anos con limitada autonomía persoal, persoas dependentes ou persoas menores de sesenta anos en

exclusión social. Neste último caso, previa avaliación técnica dos servizos sociais municipais e en colaboración cunha intervención social máis ampla para resolver a difícil situación pola que está pasando a persoa. O convenio que asinaron o alcalde da localidade, José Manuel Pérez Penas, e a conselleira de Política Social da Xunta de Galicia, Fabiola García Martínez, en representación respectivamente do Concello de Melide e o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, terá unha duración de catro anos prorrogables por outros catro máis mentres estea vixente este servizo social.

As persoas que vivan en Melide e estean interesadas en dispoñer deste servizo de Xantar na Casa teñen que poñerse en contacto co departamento de servizos sociais da administración municipal, ou ben de xeito presencial no edificio situado na rúa Principal, 44 ou a través do teléfono 981 50 57 06 para, se o usuario ou usuaria cumpre os requisitos establecidos, realizar a súa tramitación.

O Concello de Melide suspende as actividades deportivas e culturais polo aumento de casos de COVID-19



Un grupo de alumnas nunha clase de ximnasia nas parroquias. / Foto: C.Melide

O Concello de Melide suspende temporalmente as actividades deportivas e culturais, así como os talleres levados a cabo nas parroquias polo significativo incremento de casos positivos da COVID - 19 que se rexistraron no municipio nas últimas semanas.

A administración local manifesta que toman esta decisión como “medida de prevención” ante a suba de incidencia que rexistra a localidade. Ao mesmo tempo, anuncian que en canto a situación mellore se retomarán as actividades e se avisará ao alumnado.

A Asociación de Troiteiros do Río Furelos denuncia a presenza de porcos mortos no río

A Asociación de Troiteiros do Río Furelos denuncia a presenza de porcos mortos no leito do río. O pasado 3 de xaneiro un camión que transportaba animais vivos, case douscentos porcos, sufriu un accidente con saída de vía na estrada N-547 á altura de Furelos.

Dende a asociación de troiteiros, unha semana despois do accidente, solicitaronlle por escrito ao Concello de Melide, como máxima autoridade competente, que “poña en marcha as medidas necesarias, no menor tempo posible, para garantir unha maior seguridade ambiental”. Ademais, destacan dende a entidade que “a saúde e riqueza piscícola do río Furelos e afluentes é asunto que nos



Un dos porcos mortos no accidente que caeu ao río Furelos. / Foto: A.T.R.F

atinxe a todos, en particular, a quen ten a autoridade para tomar as decisións axeitadas para resolver este problema”.

A maiores, a Asociación de Troiteiros do Río Furelos tamén enviaron un escrito oficial, por vía telemática, á Consellería de Medio Am-

biente, Territorio e Vivenda coa mesma solicitude da retirada dos animais mortos do leito do río Furelos na maior brevidade posible por mor do prexudicial que pode chegar a ser esta situación para esta zona natural de Melide en materia medioambiental.

XXX
festa do

melinde

e da repostería tradicional



FESTA DE
INTERESE
TURÍSTICO
GALEGO

FIUZA

Con máis de 50 anos de experiencia no sector do automóbil. Estamos en Arzúa e Melide.



T. Fiuza. Servicio Oficial
Teiraboa, S/N - **Arzúa**



AutosMar
Polígono a Madanela, 8-9. **Melide**

CLICKFER



Parque Empresarial Madanela 84-85, 15800 Melide
Teléfono: 981507954

**Os mellores
produtos
de ferretería!**



**Grandes
ofertas en roupa
de traballo**



**Referentes
no sector do alquiler
de maquinaria**

El Gándolo
MODA HOMBRE - MUJER



Rúa do Convento, 15
15800 - Melide
Tlf: 981 50 71 87
637 16 96 41

SANOQUERA
fotografía, arte y diseño



SANOQUERA FOTOGRAFÍA · CITA PREVIA · ASETEM
Tel. 622 222 810 · www.sanoguera.com

O Concello Sobrado acolle a unha familia afgá que puido fuxir do réxime talibán



O alcalde do Concello de Sobrado, Lisardo Santos, nas instalacións da administración municipal. / Foto: C. Sobrado

O Concello de Sobrado, coa colaboración da asociación de baile e música tradicional A Maristela, acolle a unha familia afgá con dous fillos que conseguiu fuxir do réxime talibán e que están esperando na cidade de

Islamabad (capital de Paquistán) a ser evacuados a España.

Nesta localidade da comarca da Terra de Melide esperan con especial ilusión a chegada desta nova familia que terá outra oportuni-

dade de vida entre a veciñanza de Sobrado.

A secretaria da Federación de Escolas Familiares Agrarias de Galicia, Belén Rodríguez, explica, nunhas declaracións ao xornal La Voz de Galicia, como come-

zou esta historia que une Afganistán e Sobrado, “tiña contacto cunha muller que traballa en organismos internacionais, e un día chamoume pedindo axuda para sacar a xente de Afganistán, aquilo sonou moi forte, pero puxémonos a colaborar”.

Esta non era a primeira vez que a vila de Sobrado ía acoller unha familia, xa que a finais do pasado verán estivo apunto de chegar unha familia para asentarse no municipio pero, finalmente instaláronse en Ourense.

O plan que a FEA ten en Galicia é “axudar a estas persoas ao tempo que fixamos poboación rural, e o alcalde, Lisardo Santos, amosou toda a súa disposición”, afirma Belén Rodríguez. Por este motivo, van comezar a xestionar o traslado desta familia. Ademais, o pasado 20 de decembro, o rexedor de Sobrado fixo oficial a solicitude a través de carta ao ministro de Asuntos Exteriores, José Manuel

Albares, o ofrecemento da localidade como novo lugar de vida para esta familia. Nesta carta, Santos solicítalle ao ministro que “realice as accións oportunas en pro da defensa, a integridade e o benestar desta parella e os seus fillos para que poidan vir a España, onde o noso concello está disposto a acollelos e darlles todo o necesario para garantir o seu aloxamento, manutención e apoio loxístico”.

A maiores, o alcalde de Sobrado fai fincapé en que “a integración desta familia pode contribuír a desenvolver unha gran labor social no campo galego”. Dende a administración municipal tamén destacan que a necesidade de “non esquecer o que vimos pola televisión” fai uns meses cando os talibáns chegaron ao poder. Por iso, “dende a ONG xa preguntaron a nosa dispoñibilidade e deixei claro que é total, confiamos en que consigan vir”, di Santos.

O servizo de punto limpo móbil de Santiso rotará todas as parroquias do municipio



Os colectores do Punto Limpo Móbil que ten o Concello de Santiso para recorrer as parroquias. / Foto: Concello Santiso

O Concello de Santiso pon en marcha o servizo de punto limpo móbil que irá rotando polas dezasete parroquias para promover a reciclaxe entre a veciñanza.

Este novo dispositivo per-

mitirá facer que a poboación do municipio faga unha separación selectiva dos residuos. Dende a corporación local fan fincapé en que “o Punto Limpo Móbil é unha oportunidade para separar

e reciclar con pouco esforzo, xa que este servizo chegará a cada parroquia de Santiso ao longo de todo o ano”.

Para complementar a función dos contedores do Punto Limpo, o Concello

conta cun camión para realizar o traslado do colector de reciclaxe co que puntualmente se pode facer unha recollida de certos residuos que non teñan cabida no Punto Limpo Móbil.

Este servizo é totalmente gratuíto para a veciñanza de Santiso. Nestes colectores a poboación poderá depositar: aceite doméstico, aceite mecánico envasado, tóner e cartuchos de tinta, roupa, calzado e complementos, material informático, pequenos electrodomésticos, pinturas e vernices, bombillas e tubos fluorescentes, xoguets, CDs e DVDs, teléfonos móbiles e pilas. Os residuos que non se poden depositar no Punto Limpo Móbil son: voluminosos, madeira, neumáticos, restos de poda e plásticos agrícolas; para estes últimos poden chamar ao 981 81 85 01 e pasarán o persoal do Concello a recollelos. Como é loxico, tampouco que se poden depositar nestes colectores especiais os residuos ou refugалlos que teñen un

contedor habitual que son o azul (cartón e papel), o verde xenérico (residuos non reciclables), amarelo (envases metálicos, brinks e recipientes de plástico) e o iglú verde (vidro).

Dende o Concello de Santiso animan a facer un bo uso deste novo servizo, xa que supón unha mellora en canto a servizos para a veciñanza e permite crear e ter un entorno máis limpo. De feito, se algún veciño ou veciña ten dúbidas sobre o seu uso ou localización pode poñerse en contacto coa administración municipal no teléfono 981 81 85 01 ou achegándose á Casa Consistorial onde os traballadores e traballadoras solucionarán todas as posibles dúbidas.

Ademais, durante o período de vacacións de Nadal este servizo estivo situado no campamento de Nadal para facer diferentes actividades de reciclaxe cos nenos e nenas que acudiron a este programa de conciliación organizado polo Concello.

O Concello de Toques destina a maior parte do orzamento a novas inversións



A Casa do Concello de Toques, municipio no que xa aprobaron o seu orzamento para o ano 2022. / Foto de arquivo

O Concello de Toques vén de aprobar os seus presupostos para o ano 2022 nos que destacan os máis de 760.000 euros en novas inversións.

A administración local toquense aprobou unha contía de 1.842.048 euros que conformarán o novo orzamento. Os case dous millóns de euros destinaranse nun 21,26% a gasto de persoal, o que supoñerá uns 391.678 euros.

Ademais, haberá unha partida específica para dedicar ao mantemento e conservación de servizos e infraestruturas, así como o reforzo dos servizos sociais ou gastos correntes, para estes eidos destinarase un 36,96% dos orzamentos, o que se traduce en 680.836 euros.

A parte máis importante destes orzamentos será o 41,41%, que supón uns 762.711 euros, e será desti-

nada a novas inversións de carácter produtivo con especial mención ao gasto na mellora e na rehabilitación integral dos camiños da localidade que aumentará a seguridade viaria.

O alcalde do concello, Ángel Penas, afirma que son uns orzamentos “cun perfil inversor e expansivo que pretende cubrir as necesidades e demandas da veciñanza así como paliar a crise sanitaria e económica”.

A gandeira Mónica Penas recibe o premio Exceleite



Mónica Penas xunto a outros gañadores e ao Conselleiro. / Foto: C. Toques

A gandeira Mónica Penas, do concello de Toques, recibe o premio Exceleite á Excelencia Hixiénico-Sanitaria das explotacións leiteiras de leite cru de vaca do ano 2021.

Nesta quinta edición dos premios, a veciña toquense Mónica Penas acadou a medalla de prata na categoría de explotación grande e sistema de produción intensivo. Esta gandeira, unha vez recibido o premio, fixo

fincape nunha entrevista a Radio Melide que “o rural galego está vivo grazas ás mulleres”.

Ademais, o alcalde da localidade, Ángel Penas felicitou publicamente a esta gandeira do municipio da comarca da Terra de Melide e agradeceu “o labor que levan a cabo os gandeiros en xeral e os de Toques en particular que levan a cabo un traballo indispensable para a nosa economía”.




Véndese leña picada de carballo

Santa María de MELIDE

636 866 996



Os establecementos de Sobrado contan cun escaparate virtual gratuíto para amosar os seus produtos á venda



Captura da páxina web www.desobrado.com onde os negocios poden amosar os seus produtos.. / Foto: Cerne

Os establecementos de Sobrado teñen a súa disposición un escaparate virtual gratuíto para amosar e dar a coñecer todos os seus produtos na páxina web, habilitada pola administración municipal, www.desobrado.com.

Neste espazo virtual xa hai preto de vinte negocios adheridos, e conta con seccións de ofertas e descontos, información de interese turístico e sobre o Camiño de Santiago, un dos atractivos que ten esta localidade da comarca da Terra de Melide.

O Concello de Sobrado decidiu poñer en marcha esta iniciativa co obxectivo de visibilizar e comercializar na rede todos os artigos e produtos que ofertan os

negocios existentes na vila. Unha campaña máis para intentar apoiar dende a administración municipal a pemes e persoas autónomas logo da chegada da crise sanitaria producida pola pandemia da COVID - 19 que non acaba de deixarlles acadar a tan ansiada recuperación económica.

Esta páxina web (desobrado.com) é completamente gratuíta tanto para compradores como para vendedores. As empresas e comercios de Sobrado interesados en participar nesta iniciativa aínda poden anotarse a través da propia páxina web, e para calquera dúbida poden chamar ao teléfono do Concello.

A iniciativa levada a cabo pola administración local ten unha segunda parte, xa que os negocios adheridos contarán con asesoramento e acompañamento profesional durante o proceso de dixitalización do establecemento. Para participar nesta campaña só hai unha condición e é, como é lóxico, ter sede do negocio no concello de Sobrado.

A páxina web presenta os establecementos divididos en diferentes categorías: alimentación, bancas, seguros e xestorías, aloxamentos e casas rurais, bazar e comercios, canicerías e embutidos, construción e servizos auxiliares, farmacia e parafarmacias, hostalería e restauración, informática, telefonía e servizos dixitais, leiteiras e queixeiros, panadarías, salóns de peiteado e barberías, saúde e benestar, suministros agrícolas e fitosanitarios, talleres, gasolinerías, recambios e concesionarios, e por último, veterinaria.

dependente do mosteiro compostelán de San Paio de Antealtares e posteriormente de San Martiño Pinario, rexido por un prior baixo a obediencia do abade.

Nesta igrexa aparecen elementos arquitectónicos de estilo visigótico (posiblemente dunha edificación anterior), e tamén mozarabe. Destácase a ábsida rectangular con decoración de arquiños lombardos, un friso de ladrillos dispostos en dentes de serra e unha imposta (cenefa) con decoración de follas.


No interior deste edificio relixioso destácase o arco triunfal sostido por columnas monolíticas rematadas en capiteis decorados con estrelas e esvásticas de raigame visigótica. Tamén son de gran relevancia o Calvario, de madeira policromada, do século XII, así como o amplo repertorio de pintura mural presente nas

paredes, datadas no século XV, do mesmo taller que as de Vilar de Donas.

Adosado á igrexa polo lado norte atópanse as ruínas das dependencias monásticas, entre as que discorre canalizado o río.

O mosteiro abandónase a principios do século XIX, como consecuencia dos procesos desamortizadores. No ano 1872 realízase a ampliación da nave, segundo figura nunha cartela situada no lenzo exterior, cando xa a igrexa estaba funcionando como templo parroquial. No espazo ocupado polas dependencias monásticas instálase en torno ó ano 1882, unha fábrica de puntas e arame, coñecida como “Unión Gallega”, da que aínda se conservan restos dos fornos de fundición entre as ruínas. Ademais, tamén se poden apreciar un conxunto de vivendas dos antigos traballadores.

San Antoño de Toques



A igrexa de San Antoño de Toques, situada na parroquia de A Capela. / Foto: abeancos.gal

A comarca da Terra de Melide conta con grandes edificios patrimoniais que coidar e coñecer. Un exemplo disto é o conxunto patrimonial de San Antoño de Toques, considerado o principal conxunto histórico-artístico da zona. Este monumento está constituído pola igrexa prerrománica, ruínas do antigo cenobio beneditino, campanario exento e cruceiro, emprazado nunha fraga natural pola que discorre o río Toca.

Esta destacada construción edifícase, por doazón do rei Don García, no ano 1067, sendo o seu fundador o abade Tanoi e eríxese en abadía bieita independente. Aínda que no ano 1515 pasa a converterse nun priorado

dependente do mosteiro compostelán de San Paio de Antealtares e posteriormente de San Martiño Pinario, rexido por un prior baixo a obediencia do abade.

Os xogos tradicionais galegos estarán presentes en internet para promover o seu uso entre as crianzas

Os xogos tradicionais galegos xa están presentes na rede co fin de revitalizar o seu uso entre as crianzas. O Consello da Cultura Galega e o Observatorio do Patrimonio Lúdico puxeron en marcha unha páxina web (xogostradicionais.consellodacultura.gal) e máis unha aplicación gratuíta (apta tanto para sistema Android como IOs) chamada 'Xogos Tradicionais'.

Nesta páxina ou aplicación podemos atopar: a chave, a mariola, o pulso, a petanca, o tirapedras, a escopeta de cana de millo, o lanzamento de pedra, e así ata medio cento de xogos tradicionais da terra que permiten, incluso, diferentes combinacións. Todos estes entretementos forman parte fundamental do patrimonio lúdico de Galicia, por iso deben ter cabida no presente e tamén no futuro entre as próximas xeracións. Para conseguir este obxectivo, o Consello da Cultura Galega e o Observatorio do Patrimonio Lúdico creou estes espazos na rede para que as crianzas se animen a coñecer, descubrir e xogar a estes entretementos tradicionais. A presidenta do Consello da Cultura, Rosario Álvarez, destacou na



Membros do Consello da Cultura Galega e do Observatorio do Patrimonio Lúdico na presentación da web / Foto: C.C.G

presentación deste proxecto que “o obxectivo é que este patrimonio este cada vez máis presente. Son xogos que poden formar parte do día a día da sociedade actual e da do futuro. Non hai razón para deixalos como patrimonio do pasado”.

“A idea é que nun minuto as persoas interesadas poidan poñer en práctica o xogo”, comenta Paco Veiga, representante do Observatorio do Patrimonio Lúdico e mestre de Lingua Gale-

ga do IES de Melide. Polo tanto, a web e a aplicación son novas ferramentas que vai facer posible ter os xogos tradicionais máis preto da xente nova e tamén nun formato no que, actualmente, pasamos o noso tempo de ocio. De feito, Veiga afirma que a intención destas ferramentas é “motivar a práctica”, por este motivo cada xogo ten unha ilustración (realizadas por Nuria Díaz), debaixo un breve texto onde se indica a idade na

que se pode xogar, así como as características do entretemento para poder entendela ben. Ademais, hai diferentes enlaces ás normas para aqueles que queiran profundizar máis no xogo e, nalgúns casos, inclúense vídeos. “A idea é poñer en valor os xogos para podelos practicar desde xa e reincorporar estes xogos á nosa vida cotiá”, sinalou o coordinador técnico da páxina web e a aplicación, o xornalista Manuel Gago.

Para que a comprensión dos xogos sexa máis clara, na páxina web aparecen o medio cento de xogos clasificados por idades, dende para cativos e cativa ata para as e os adultos, por obxectivos (de exercicio físico, lingüísticos, representación, de mesa, etc), e por tipos de xogos (burlas, carreiras, adiviñas, cantados, danzas, etc).

Paco Veiga fai fincapé en que esta “é unha ferramenta pioneira do mundo” e que a están a difundir a través da Asociación de Xogos e Deportes Tradicionais da que forman parte. Ademais, esta non é unha ferramenta fixa xa que a idea é que, pouco a pouco, se vaian incorporando novos xogos tradicionais á páxina e aplicación.

Os estudos sobre o xogo tradicional galego chegaron moi tarde, explicou Veiga, “a xeración Nós empezouno a estudar, e xa antes o fixera Marcial Valladares. Despois, desde que morreu Franco, asistimos a tres etapas fundamentais na historia da recuperación do patrimonio lúdico: a primeira, a recompilatoria deses xogos, despois chegou unha etapa de reflexión e estudo, e agora estamos na terceira, que é a da divulgación”.



Billarda, estornela...

de 14 a 18 anos, para persoas adultas, de exercicio físico, forza, habilidade e precisión, movemento



Escopeta de Cana de Millo

de 7 a 14 anos, de habilidade, enredos, xoguetes, habilidade e precisión, natureza



Papaventos

de 7 a 14 anos, de 14 a 18 anos, de habilidade, enredos, xoguetes, habilidade e precisión, movemento, natureza



ENTREVISTA A XOSÉ DE CEA, AUTOR DE “EN TERRA RARA”

“En terra rara trátanse cuestións como a defensa do territorio, o abandono do rural ou o feminismo”



O autor de “En terra rara”, Xosé de Cea veciño de Melide. / Foto: Xosé de Cea

- Por que o título de “En terra rara”?

- Xosé de Cea (X.C): En terra rara conta a historia dunha adolescente que se declara en folga de fame para defender a casa e as terras, das que viven ela e a súa familia, dunha empresa mineira que quere expropiarlhas para explotalas. Trátase dunha novela transversal pola grande cantidade de cuestións que aborda: a depredación dos recursos, a defensa do territorio, o abandono do rural, a ecoloxía, o feminismo...

Por iso, ao poñerlle o título quixen que este fose polisémico, que tivese varios estratos de significación. En primeiro lugar, terras raras son os minerais que se queren extraer. Terra rara tamén é a adolescencia que vive a protagonista, Xo, un eido vital no que nos pretendemos persoas adultas sen ter acadado a madurez suficiente e que nos fai entrar en permanentes contradicións, ademais de bater coas xeracións que nos preceden, especialmente cos pais e coas nais. A maiores, podemos considerar

Galiza unha terra rara, rica como poucas, pero cuxas potencialidades teimamos en destruír por unha visión curtopracista e interesada da política e da economía, moi aderezada de autoodio e desprezo pola nosa propia cultura e identidade. Finalmente, quixen facer un xogo de palabras: “En terra á rara”, que é o mesmo que lapidar á disidente, vilipendiar á que nada contracorrente; da mesma maneira que no pasado se queimaban vivas mulleres acusadas de bruxería, agora tendemos a atacar ou ignorar aquelas que denuncian o xeito depredador co que habitamos o planeta e que nos está a levar cara ao abismo.

- As personaxes femininas son as protagonistas do libro, por que é importante contar as historias en feminino?

- (X.C): Neste caso, foi unha decisión á mantenta. Escollín mulleres como protagonistas porque as mulleres tiveron, ao longo da historia, e especialmente na Galiza, un papel fundamental na loita social e na demanda de xustiza:

Dende aquelas guerreiras da Gallaecia que denunciaba Estrabón aos motíns de subsistencia do século XIX e comezos do XX, das folgas obreiras nas industrias conserveira e do tabaco, que empregaban mulleres como operarias, a Xove e as Encrobas... Ao escoller mulleres como protagonistas só quixen ser fiel a unha realidade histórica e sociolóxica que, por desgraza, silenciaron durante séculos.

- A pesares de que a historia estea ambientada nun lugar imaxinario o argumento da obra sóanos a realidade, unha gran compañía que quere aproveitarse dos recursos naturais do rural galego.

- (X.C): Pasou, segue a pasar e será unha problemática que se agudizará.

O libro está dedicado “Ás mulleres e aos homes que defenderon e defenden a terra do espolio, da depredación, da barbarie. Das Encrobas a Touro, da Terra Chá a Corcoesto, de Lousame ao Courel, do Galiñeiro e A Groba ao Monte Neme, da Limia a Varilongo, do

Iribio ao Suído...” En todos eses lugares citados hai, ou houbo en tempos recentes, conflitos relacionados coa minaría que rexurdirán e se agudizarán cando se precisen explotar os derradeiros xacementos minerais dispoñibles. Comunidades que levan séculos ou milenios vivindo da terra, xeración tras xeración, atópanse con que unha empresa, decotío estranxeira, quere explotar esas terras para extraer mineral. Trátase dunha actividade depredadora, a ceo aberto, que emprega produtos tóxicos moi agresivos co medio ambiente, estragando para sempre o territorio explotado e deixándoo inservible e inhabitable para as xeracións futuras. Un prezo demasiado alto sen máis beneficio para as comunidades afectadas que uns poucos postos de traballo temporais.

- O consumo irracional é unha problemática actual que podemos dicir que está en auxe.

- (X.C): Máis ben, o consumo irracional é o sinal de identidade da nosa civilización. Somos o que consumimos, expresamos e construímos as nosas personalidades e o noso status social amosándolle ao mundo aquilo que mercamos: coches, prendas de vestir, viaxes, libros, smartphones... De aí o éxito fulgurante das redes sociais e dos aparellos para acceder e vivir nelas. Pero todo iso está a ter un alto prezo para o planeta como o quecemento global ou o esgotamento de recursos dos que, agora dependen de maneira absoluta as nosas vidas.

Por exemplo, en cuestión de décadas imos esgotar os principais xacementos mineiros en aras dun consumo omnímodo de produtos e bens que, no meirande dos

casos, son prescindíbeis, non precisamos e son fabricados en base a unha obsolescencia programada que empeora todo aínda máis. Pensemos só no petróleo, do que xa estamos a sufrir as consecuencias da súa escaseza, ou o cobre, indispensable para unha sociedade electrificada como a nosa, cuxa principal fonte de subministro, Chile, xa hai anos que entrou en fase de declive. Dirixímonos ledos e a toda máquina cara a un colapso certo da civilización tal e como a coñecemos. E nós seremos os únicos culpables de que aconteza.

- Recordas que te animou a escribir o teu primeiro libro?

- (X.C): Coma se fose hoxe. Namoreime dunha muller e, a falta doutros atractivos para chamar a súa atención, decidín escribirlle poemas. Así, coma quen non quere a cousa, xurdiu un libro. Eses versos primeiros non teñen unha grande calidade formal e nunca foron publicados, pero levo máis de trinta anos de relación con esa muller, polo que podo considerar que acadei con eles o meu máximo logro como escritor. O resto da miña obra, probablemente, non deixe de ser un epítome prescindible.

- Como xornalista cal cres que é situación actual do oficio?

- (X.C): Como o vin sempre, nada que non che ensinen na carreira: Un negocio. Obviamente, existe un xornalismo de raza, necesario, que desvela verdades transcendentales e ocultas para a sociedade, cuxa fin última é informar, pero normalmente ligado a pequenos medios independentes. Os grandes grupos mediáticos non deixan de ser empresas cuxo principal fin é o beneficio económico.

Balance e 2021 e perspectivas para o 2022

O emprego autónomo resiste e sobrevive á pandemia e ás medidas restrictivas da actividade, pese a todo. Así, rematamos o 2021 con datos positivos na RETA, 2.990 activos máis no mes de decembro, concluíndo o exercicio con 3.328.398 autónomos, uns 57.000 máis que a comezos do 2021, o que significa que cada día do ano finalizado tivemos 156 altas de autónomos.

Galicia pecha o ano con 209.008 autónomos, 85.139 na Coruña, 32.174 en Lugo, 23.223 en la provincia de Ourense y 67.922 en Pontevedra. Ao comezar o ano había 207.856 autónomos en Galicia, o que significa que pechamos 2021 con 1.152 autónomos máis, ou sexa, 3 autónomos máis cada día do ano. Por xénero destaca que máis da metade do crecemento de autónomos débese ao impulso emprendedor feminino, que foi o que máis sufriu durante a pandemia e que recuperou a cifra de 1.205.929 autónomas, sumando nun ano 33.805, un incremento do 2,9%. Por sectores, tan só o transporte perde o 0,6% dos seus autónomos.

Os mecanismos de mantemento de rendas postos en marcha durante a pandemia, en forma de ERTES e PRESTACIÓN POR CESE DE ACTIVIDADE nas súas diferentes modalidades, demostraron ser eficaces, evitando unha sangría que inevitablemente se tería producido de non ter contado con estes mecanismos, nos que aínda, convén recordar, temos a 102.548 personas en ERTE (4.216 en Galicia) e preto de 108.000 autónomos cobrando o cese de actividade, 4.546 en Galicia (2.158 na Coruña, 557 en Lugo, 638 en Ourense e 1.975 en Pontevedra).

O cese de actividade foi o muro de contención para que milleiros de autónomos puidesen aguantar cos seus negocios abertos, 1,5 millóns de prestacións que se concederon ao longo desta pandemia, máis do 55% dos autónomos españoles acolléronse a esta prestación. Porén, a realidade máis cruda vívese nos sectores relacionados coa hostalería, o ocio, o turismo e o comercio. A falta de medidas directas sobre estes sectores obrigou ao peche de miles de establecementos. A falta de actuacións de rescate e de incentivación do consumo están detrás da trágica desaparición de pequenas actividades. Os ministerios de Industria, Comercio e Turismo, así como o de Facenda, debería adoptar medidas de urxencia que sirvan de cortalumes para paliar a mala situación que atravesan os autónomos destes sectores, a través de bonificacións fiscais e incentivos ao consumo, que podería ter salvado gran parte dos negocios que se perderon.

Dende a Federación de Autónomos de Galicia cremos que as prioridades para o ano 2022 teñen que ser as seguintes: prórroga das medidas extraordinarias que axudaron a resistir a pandemia, como son os ERTES e o CESE DE ACTIVIDADE, ao menos durante todo este ano, dado que aínda hai sectores que padecen restriccións e limitacións na súa actividade; modificación fiscal á baixa; baixar os custes das materias primas e suministros básicos, enerxía, etc; que se poidan desgravar o 30% dos gastos en suministros en caso de teletraballar; que se poidan desgravar os custes dos vehículos utilizados para a actividade comercial; cambiar os incentivos ao inicio da actividade; establecemento de subsidios para autónomos maiores de 52 anos; reparto xusto dos fondos de reconstrución; actuando especialmente sobre o rural; dixitalización e formación do colectivo de autónomos; e reforma do sistema de pensións, que garanta a igualdade con outros colectivos.

Federación de Autónomos de Galicia



Suave. Cremoso. Nutritivo.

Queixo Arzúa-Ulloa

O tradicional queixo galego

Certificado pola Denominación de Orixe Protexida

queixo@arzua-ulloa.org
Tfno. e fax: 981 50 76 53

DE NOMINACIÓN DE ORIGEN PROTEXIDA
Arzúa-Ulloa

XUNTA DE GALICIA

GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA Y ALIMENTACIÓN

FEADER: Europa invierte no rural

VÍCTOR E DANIEL MELLA, DISTRIBUCIÓN MELLA

“Traballamos coas mellores marcas do mercado e con produto de gran calidade”

Distribucións Mella é unha empresa familiar, rexentada por dous irmáns, con ampla experiencia no sector da alimentación e asentada en Melide dende uns anos. Neste negocio o fundamental é traballar cun bo produto galego para darlle as máximas garantías de calidade a todas as tendas e superficies de alimentación que confían no seu traballo dende hai tanto tempo.

- Para as e os lectores que non vos coñezan, cal é o traballo que realizades cada día?

- Víctor Mella (V.M): A nosa empresa dedícase á venda e distribución de produtos, sobre todo, de carne. Levamos empresas como Coren, Frigolouro, Frigsa e Campofrío; polo tanto, traballamos coas mellores marcas que hai actualmente no mercado. Algo moi importante é que intentamos traballar todo, ou gran maioría, con produto galego. Por exemplo, Coren todos os seus artigos de alimentación son galegos.

- Ata onde chegan os produtos distribuídos pola vosa empresa?

- Daniel Mella (D.M): Pois abordamos unha zona moi ampla, dende a zona de Santiago (incluído a cidade e vilas de arredor) pasando pola comarca do Barbanza e chegamos ata Porto do son; logo levamos tamén a Teixeira, Curtis, Vilasantar, Boimorto, Sobrado; na zona do Deza imos a Lalín, Silleda, A Estrada e Portomarín; na provincia de Lugo imos a Palas de Rei, Monterroso e Antas de Ulla. Polo tanto, temos a sorte de poder chegar a moitos recunchos galego para distribuír os artigos.

- Entregades tanto a grandes superficies como a tendas locais.

- (V.M): Si, si facemos entregas tanto a comercios grandes como pequenos, xa que non só servimos aos nosos clientes senón tamén aos que empresas como Coren teñen directamente. Porén, como un exemplo de entrega a pequenos establecementos aquí en Melide repartimos en varias carnicerías a nosa mercadería.



Un dos camiós de Distribucións Mella cos que fan o reparto cada día. / Foto: Distribucións Mella

- Que é o máis complicado de manter o negocio?

- (D.M): Actualmente, o máis complicado é atopar persoal para traballar na empresa. O noso persoal, é certo que ten que empezar moi cedo, sobre as catro ou cinco da mañá comezan a súa xornada para poder entregar todos os produtos a tempo, e, ao mesmo tempo, ten que andar cargando con moito peso porque a carne que transportamos pesa bastante. Logo, en Distribucións Mella temos a sorte de ter unha clientela moi fiel, que leva apostando por nós moitos anos porque sabe que somos unha empresa que respondemos e temos artigos da mellor calidade pero, aínda así á hora de fixar os prezos tamén é un momento algo delicado. Non obstante, hai que entender que uns produtos de boa calidade non se pagan ao mesmo prezo que uns

que non teñen esa garantía de calidade. Ademais, outro problema serio que nos estamos atopando nos últimos meses é o prezo da gasolina, os nosos camiós para poder repartir por todas as vilas e cidades que falamos antes teñen que o depósito cheo de gasolina e iso a nós cada vez sáenos máis caro, polo que en moitas ocasións veste obrigado a subir os prezos porque senón non podes continuar co negocio.

- O mellor de ter un negocio como o voso nunha vila como Melide é...

- (V.M): Por unha banda, especialmente, o feito de estar en Melide permíteche abarcar moitas zonas que se estiveras noutro lugar che sería máis complexo, dende aquí estás no medio de moitas zonas nas que repartimos e iso facilita tamén o traballo. Pola outra banda, estar tan preto da casa sempre é unha gran vantaxe.

- Notades un aumento de competencia?

- (D.M): Non, penso que máis ou menos a competencia é a mesma. A maiores, nós ao ter unha clientela de hai tantos anos non notamos un incremento da competencia porque outro valor engadido de Distribucións Mella é que damos servizo de luns a sábado, cousa que en moitas empresas só ofertan de luns a venres.

- Como vos afectou a pandemia?

- (V.M): A pandemia mundial da COVID - 19 afectounos moito. Dende a chegada do virus a facturación tivo unha baixada considerable, é verdade que nun primeiro momento cando nos encerraron a xente quixo proverse de todo tipo de produtos e aí non había cantidade que chegara pero despois xa veu o baixón. Ademais, nós traballamos moito con establecementos de hostalería e as restricións provocaron

que moita xente deixase de ir aos restaurantes e polo tanto eles non piden as mesmas cantidades de produto que antes, podemos dicir que a caída de demanda nese sector foi dun 90%.

- Estadés empezando a notar a recuperación?

- (D.M): Polo momento non. A hostalería, por exemplo, mentres siga tendo restricións non vai recuperar os niveis previos á pandemia e iso aféctanos a nós tamén indirectamente. Non obstante, na nosa empresa segue habendo traballo e o bo do noso sector é que senón vendes tampouco compras porque ao ser produto fresco, nós aquí non almacenamos nada, xa que recibimos todos os días mercadería nova dos matadoiros.

- Mercades os produtos en matadoiros de proximidade?

- (V.M): Pois traballamos cos de Coren que están en San Cibrao (Ourense); Nova Frigsa, que traballan carne de tenreira, na cidade de Lugo; Lalinense, con carne de porco, que está en Lalín; e, por último, Frigolouro situado no Porriño.

- Cales son as vosas perspectivas para este novo ano?

- (D.M): Penso que si se mantén é boa cousa, mellorar véxoo complicado pero oxalá. Hai que ter en conta que a suba de prezos é xeneralizada e o poder adquisitivo da poboación é o mesmo ou menos incluso.

**Distribucións
Mella**

Rúa Xoán XXIII, 49
15800, Melide
Tif: 981 50 60 68

**PÍDENOS CITA PARA REALIZAR UN
ASESORAMIENTO AUDITIVO
GRATUITO**

**... y llévate un
práctico regalo**

**ESTA NAVIDAD
Regala SALUD
AUDITIVA**




**Ronda da Coruña, 34. 15800 MELIDE
981 50 72 87 - 648 75 47 61**

E-15-001359

El audífono más pequeño

Virto, es uno de los audífonos más pequeños del mercado, fabricado a medida y en titanio. Tan discreto que nadie notará que llevas un audífono.



**Un audífono que ofrece una
experiencia auditiva incomparable.**



**¿Probar sus
audífonos
antes de
comprarlos?
Sí, es posible**

**Volver a oír bien,
es una decisión que cambirá su vida**



**Feliz Año
2022**

**Disfruta de
audición todo el año**